



INSTRUCCIÓN DO 30 DE OUTUBRO DE 2019 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE LINGUA ÁRABE E CULTURA MARROQUÍ

O programa de ensinanza da Lingua Árabe e Cultura Marroquí (PLACM) está establecido ao amparo do vixente Convenio de Cooperación Cultural entre o Goberno de España e o Goberno do Reino de Marrocos do 14 de outubro de 1980, en vigor dende o 12 de outubro de 1985 (BOE núm. 243 do 10 de outubro de 1985), e na aplicación do artigo IV.2, que establece as bases deste programa.

En 1992 créase o Grupo Mixto de Expertos Hispano-Marroquí formado por autoridades educativas españolas e marroquí que definen as liñas xerais de colaboración e encárgase do seguimento do Programa.

O 3 de outubro de 2012 asínase o Convenio de Asociación Estratéxica en materia de Desenvolvemento e de Cooperación Cultural, Educativa e Deportiva entre o Reino de España e o Reino de Marrocos onde se recolle, no seu artigo 14, o apoio ao Programa (BOE do 31 de xullo de 2013). As Partes, apoiarán o programa de ensino de lingua árabe e cultura marroquí (PLACM) en España, a través da:

1. Facilitación por parte da Parte española do ensino de dito programa ao alumnado marroquí escolarizado nos seus centros de educación primaria e secundaria, así como ao alumnado español interesado.
2. Habilitación, polas autoridades españolas competentes, de aulas necesarias para o profesorado marroquí encargado de impartir dita ensinanza.
3. Supervisión da Parte marroquí do profesorado correspondente, eventualmente coa axuda das autoridades españolas.

En aplicación do artigo 14 citado no Convenio de 2012, establécese que para o desenvolvemento e posta en marcha do programa, o Goberno español facilita o ensino da lingua árabe e cultura marroquí ao alumnado marroquí escolarizado en centros educativos de educación primaria e secundaria, así como ao alumnado español interesado.

UN. Obxectivos do programa

- Favorecer o ensino da lingua árabe e da cultura marroquí ao alumnado marroquí escolarizado en centros educativos galegos de ensinanza primaria e secundaria. Tamén ao





alumnado non marroquí que o desexe, o que non só autorizan senón que tamén promoven as autoridades marroquís.

- Proporcionar ao alumnado marroquí unha formación que lle permita salvagardar a súa identidade, vivir a súa cultura respectando a do país de acollida, ter confianza neles e nelas mesmos e mesmas e no seu porvir.
- Desenvolver valores de tolerancia e solidariedade para acadar a inclusión escolar e sociocultural deste alumnado no sistema educativo galego e na sociedade galega.

DOUS. Incorporación e adscrición do profesorado aos centros de destino

A selección, nomeamento e retribución do profesorado do PLACM é competencia do Reino de Marrocos e realízase entre o profesorado funcionario do Ministerio de Educación Nacional, Ensino Superior, Formación de Cadros e Investigación Científica, a través da fundación Hassan II. A documentación que precisan para a incorporación é:

- Credencial de Misión e Destino actualizada e emitida pola Embaixada do Reino de Marrocos en España para a súa presentación ante a xefatura territorial provincial que corresponda.
- Certificado do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (pode solicitarse vía telemática a través de www.mjusticia.gob.es) (R.D. 1110/2015, do 11 de decembro, polo que se regula o Rexistro Central de Delinquentes Sexuais).

Con esta documentación o profesorado do PLACM deberá presentarse na xefatura territorial correspondente, onde recibirá a *acreditación nominal e dilixencia de asignación dos centros* expedida pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, por proposta da xefatura territorial respectiva, nesta acreditación, indicarse o seguinte:

- Centro base e correspondentes centros adscritos, no caso de alumnado pertencente a distintos centros educativos.
- Centros educativos (sen centros adscritos) de atención ao alumnado que corresponda.





NOTA: Os profesorado asignado dependerá funcionalmente da xefatura territorial provincial correspondente.

Unha vez incorporado, a dirección dos centros educativos (sen centros adscritos) ou no seu caso do centro base enviará, **nun prazo máximo de 10 días**, a documentación correspondente ao Anexo 2 (2.1 e 2.2) á xefatura territorial respectiva que a remitirá á *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*

As clases do PLACM (que se impartirán fóra do horario lectivo), comezarán e rematarán en cada centro educativo, segundo o calendario das súas actividades extraescolares que figurarán na PXA.

TRES. Horarios, agrupamento e funcións do profesorado

A dirección dos centros asignados ou, no seu caso, do centro base informará ao profesorado das normas de organización e funcionamento do centro, protocolos... poñendo á súa disposición os espazos necesarios e horarios axeitados para impartir o PLACM.

O profesorado poderá realizar tarefas de mediación ou coordinación nos centros asignados desde o inicio efectivo do programa.

A carga horaria do profesorado marroquí do PLACM estará comprendida entre un mínimo de 18 horas e un máximo de 25 horas.

Modalidade de ensino:

- Pensada para aqueles centros escolares con pouco alumnado marroquí.
- As clases impártense fóra do horario lectivo.
- Un profesor ou unha profesora marroquí atende a varios centros.
- Docencia directa co alumnado como mínimo 10 horas fóra do horario escolar.
- Docencia indirecta co alumnado como mínimo 2 horas por semana e por centro de destino (co fin de que o profesor sirva de enlace e mediación entre a familia e o alumnado e de axuda para a inclusión no centro do alumnado).

Tendo en conta a organización dos centros e consonte as indicacións das súas direccións, algunhas das funcións do profesorado serán, entre outras, as seguintes:

1. Inclusión do alumnado marroquí no sistema educativo galego.
2. Achegar ás familias aos centros (estar nas entrevistas co profesorado titor, facer de mediador e mediadora ou tradutor e tradutora e facilitar a comunicación).
3. Coordinar as súas actuacións co profesorado titor.





4. Colaborar, cando sexa preciso, co departamento de orientación.
5. Colaborar co centro educativo en aquelas estratexias e actuacións que se planifiquen co obxecto de paliar, na medida do posible, o absentismo e o abandono escolar temperá do alumnado marroquí.
6. Participar na organización e realización de actividades interculturais do centro.
7. Posibilidade de impartir clases de lingua árabe ao profesorado que así o desexe.
8. Estender as clases de lingua árabe ao alumnado de outras culturas e ao profesorado que acolle nas súas aulas a este alumnado e así o desexe.

En canto á formación de grupos de alumnado, tenderase a que estean constituídos atendendo á normativa vixente en relación á ratio nas distintas etapas educativas.

CATRO. Programación docente e memoria do programa

- O profesorado marroquí entregará á dirección dos centros de destino a programación anual das clases do PLACM, para que poida ser integrada na Programación Xeral Anual (PXA). Como material de apoio á programación das clases, profesorado e os centros contan coa *“Guía práctica do profesorado de lingua árabe e cultura marroquí”*, que poden atopalo na seguinte ligazón:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/4496>

- Ao remate do curso, o profesorado do PLACM deberá realizar unha memoria do programa que será incluída na memoria anual do centro.
- A dirección dos centros asignados ou, no seu caso, do centro base realizará un informe sobre as actuacións deste profesorado (Anexo 1) que remitirá á xefatura territorial quen lle dará traslado xunto co informe do inspector do PLACM, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. O devandito informe enviarase á *Área de Linguas Extranxeras y Alfabetizaciones Múltiples, Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa, Ministerio de Educación y Formación Profesional*, quen lle dará traslado á Embaixada do Reino de Marrocos a través da Agregaduría de Educación.

CINCO. Período de vacacións, días libres, baixas e ausencias

- O profesorado marroquí disporá exactamente das mesmas vacacións e días festivos que o resto do profesorado do centro, excepto o día do Sacrificio (ID-ALKEBIR) que terá un día de festa.





- O profesorado deberá informar de calquera tipo de problema ou baixa á dirección do centro educativo de destino.
- Calquera ausencia ou atraso prolongado do profesorado que resulte inustificada así como calquera incidencia significativa no marco das normas de organización e funcionamento do centro, será enviada pola dirección do centro á Xefatura Territorial que o trasladará co informe do inspector do PLACM, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. O devandito informe enviarase á *Área de Linguas Extranxeras y Alfabetizaciónes Múltiples, Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa, Ministerio de Educación y Formación Profesional*, quen lle dará traslado á Embaixada do Reino de Marrocos a través da Agregaduría de Educación.

SEIS . Formación do profesorado

Ao profesorado do PLACM poderáselle ofertar a posibilidade de participar no plan de formación do profesorado co fin de favorecer a súa incorporación aos centros e á comunidade educativa e social.

SETE. Procedemento de seguimento e avaliación do programa pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

- O profesorado presentará a acreditación emitida pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa á dirección dos centros asignados ou, no seu caso, do centro base.
- A dirección dos centros asignados ou, no seu caso, do centro base informarlles das normas de organización e funcionamento do centro, protocolos... poñendo á súa disposición os espazos necesarios e horarios axeitados para impartir o PLACM.
- O profesorado poderá realizar tarefas de mediación ou coordinación nos centros asignados desde o inicio efectivo do programa.
- O profesorado do PLACM entregará á dirección dos centros de destino a programación anual das clases do PLACM, para que sexa integrada na Programación Xeral Anual (PXA). Ao remate do curso, o profesorado realizará unha memoria do programa que se incluírá na memoria anual do centro.
- **No prazo de 10 días**, a dirección dos centros (sen centros adscritos) ou no seu caso do centro base, enviará a documentación correspondente ao Anexo 2 (2.1 e 2.2) á





xefatura territorial respectiva que a remitirá á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

- **Antes do 30 de xuño**, a dirección dos centros asignados ou, no seu caso, do centro base remitirá á Xefatura Territorial quen a tramitará á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, acompañada dun informe da inspección educativa, a documentación que a continuación se indica:
 - **Anexo 1:** Informe sobre as actuacións do profesorado do PLACM
 - **Anexo 3:** Solicitud de nova incorporación, renuncia ou continuidade no PLACM
 - **Anexo 4:** Memoria do PLACM
- Correspóndelle ao Servizo Territorial de inspección educativa respectivo supervisar a labor do profesorado do PLACM con especial atención á súa repercusión e ao seu funcionamento, co fin de favorecer o ensino-aprendizaxe da lingua e cultura marroquí, así como propor medidas de mellora.
- Durante o curso escolar poderase solicitar aos centros participantes outra información que puidese ser necesaria sobre o desenvolvemento do programa.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López





ANEXOS

Anexo 1: Informe sobre as actuacións do profesorado do PLACM

Anexo 2: Datos de inicio e definitivos do PLACM

Anexo 2.1: Datos de incorporación do profesorado do PLACM

Anexo 2.2: Horario semanal do profesorado do PLACM

Anexo 3: Solicitud de nova incorporación, renuncia ou continuidade no PLACM

Anexo 4: Memoria do PLACM





Anexo 1

**INFORME SOBRE AS ACTUACIÓNS DO PROFESORADO DO PLACM/INFORME SOBRE LAS
 ACTUACIONES DEL PROFESORADO DEL PLACM**

Nome do profesor ou profesora acreditado ou acreditada /Nombre del profesor o profesora
 acreditado o acreditada

Centro de destino:

Provincia:

Nº de horas lectivas

Nº de horas noutras actividades/Nº de horas en otras actividades

ASPECTOS A CONSIDERAR

<p>Asistencia (relación entre as clases previstas e as impartidas) <i>Asistencia (relación entre las clases previstas y las impartidas)</i></p>	
<p>Relación co alumnado <i>Relación con el alumnado</i></p>	
<p>Relación coas familias <i>Relación con las familias</i></p>	





<p>Relación coa comunidade educativa <i>Relación con la comunidad educativa</i></p>	
<p>Programación das actividades lectivas <i>Programación de las actividades lectivas</i></p>	
<p>Resultados escolares obtidos <i>Resultados escolares obtenidos</i></p>	
<p>Valoración do PLACM respecto ao Proxecto Educativo do Centro <i>Valoración del PLACM respecto al Proyecto Educativo de Centro</i></p>	
<p>Observacións <i>Observaciones</i></p>	

_____ a _____ de _____ de 20__

A persoa directora (selo do centro)

La persona directora (sello del centro)





Anexo 2

DATOS DE INICIO E DEFINITIVOS DO PLACM/ DATOS DE INICIO Y DEFINITIVOS DEL PLACM





Anexo 2.1

Datos de incorporación do profesorado do PLACM/*Datos de incorporación del profesorado del PLACM*

Apelidos/ <i>Apellidos</i> <input type="text"/>	Nome/ <i>Nombre</i> <input type="text"/>
Código do Centro/ <i>Código de Centro</i> <input type="text"/>	Nome do Centro/ <i>Nombre del Centro</i> <input type="text"/>
Enderezo electrónico do Centro/ <i>Dirección electrónica del Centro</i> <input type="text"/>	
Teléfono do Centro/ <i>Teléfono del Centro</i> <input type="text"/>	
Concello/ <i>Ayuntamiento</i> <input type="text"/>	Provincia <input type="text"/>
Data de incorporación do profesorado ao PLACM (DD/MM/AA)/ <i>Fecha de incorporación del profesorado al PLACM (DD/MM/AA)</i> <input type="text"/>	

En a de de 20

O/a profesor/a do PLACM

A persoa directora do Centro

El/la profesor/a del PLACM

La persona directora del Centro

Asinado/*Firmado*

Asinado/*Firmado*





Anexo 2.2

Horario semanal do profesorado do PLACM/Horario semanal del profesorado del PLACM

O Centro é Centro base?/ ¿El Centro es Centro base? Non suposto de que non sexa o Centro base, indique cal é/En el supuesto de no ser Centro base, indique cuál es

Anótese na columna da esquerda a hora de comezo e de fin de cada sesión/ Anótese en la columna de la izquierda la hora de inicio y final de cada sesión

Indíquese en cada hora o grupo que entra (curso ao que pertence)/ Indíquese en cada hora el grupo que entra (curso al que pertenece)

Número total de alumnado Educación Primaria E.S.O BACH

Horario semanal do PLACM para o curso/ Horario semanal del PLACM para el curso 20 /20

Hora	Luns /Lunes	Martes	Mércores/ Miércoles	Xoves /Jueves	Venres /Viernes
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

a de de 20

A persoa directora (selo do Centro)/ La persona directora (sello del Centro)





Anexo 3

SOLICITUDE DE NOVA INCORPORACIÓN, RENUNCIA OU CONTINUIDADE NO PLACM /SOLICITUD DE NUEVA INCORPORACIÓN, RENUNCIA O CONTINUIDAD EN EL PLACM.

SOLICITUDE DE NOVA INCORPORACIÓN, RENUNCIA OU CONTINUIDADE NO PLACM PARA O CURSO 20 /20

SOLICITUD DE NUEVA INCORPORACIÓN, RENUNCIA O CONTINUIDAD EN EL PLACM PARA EL CURSO 20 /20

COLEXIO/
INSTITUTO

COLEGIO/
INSTITUTO

LOCALIDADE

LOCALIDAD

D/Dona/Doña

persoa directora do presente centro educativo (*persona directora del presente centro educativo*)

FAI CONSTAR/HACE CONSTAR

1. Que coñecendo o Convenio de Cooperación Cultural entre o Goberno de España e o Reino de Marrocos e o seu desenvolvemento por parte da administración educativa da Xunta de Galicia, a dirección do centro solicita (risque onde proceda). *Que conociendo el Convenio de Cooperación Cultural entre el Gobierno de España y el*





Reino de Marruecos y su desarrollo por parte de la administración educativa de la Xunta de Galicia, la dirección del dentro solicita (marque donde proceda):

2. Que o claustro e o consello escolar do centro foron informados e coñecen as características de dito programa/*Que el claustro y el consejo escolar del centro fueron informados y conocen las características de dicho programa.*

 a de 20

A persoa directora (selo do centro)

La persona directora (sello del centro)

**DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E
INNOVACIÓN EDUCATIVA**





Anexo 4

MEMORIA DO PLACM /MEMORIA DEL PLACM

CENTRO

CÓDIGO DE CENTRO CURSO ESCOLAR

LOCALIDADE-DISTRITO/*LOCALIDAD-DISTRITO*

1. VALORACIÓN XERAL DO FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA/VALORACIÓN GENERAL DEL FUNCIONAMIENTO DEL PROGRAMA





2. VALORACIÓN DO PROGRAMA DACORDO COS OBXECTIVOS/VALORACIÓN DEL PROGRAMA DE ACUERDO CON LOS OBJETIVOS

Escala de valoración do grao de consecución de obxectivos: 1.-Mal, 2.-Regular,3.-Ben, 4.-Moi Ben

Escala de valoración del grado de consecución de objetivos: 1.-Mal, 2.-Regular,3.-Bien, 4.-Muy Bien

OBXECTIVOS/OBJETIVOS	VALORACIÓN
Facilitar e impulsar o coñecemento da lingua árabe e a cultura marroquí ao alumnado <i>Facilitar e impulsar el conocimiento de la lengua árabe y la cultura marroquí al alumnado</i>	<input type="text"/>
Proporcionar ao alumnado marroquí unha formación que lle permita salvagardar a súa identidade, vivir a súa cultura respectando a do país de acollida <i>Proporcionar al alumnado marroquí una formación que le permita salvaguardar su identidad, vivir su cultura respetando la del país de acogida</i>	<input type="text"/>
Gañar en confianza e autoestima <i>Ganar en confianza y autoestima</i>	<input type="text"/>
Fomentar a inclusión escolar e sociocultural deste alumnado no sistema educativo galego e na sociedade galega <i>Fomentar la inclusión escolar y sociocultural de este alumnado en el sistema educativo gallego y en la sociedad gallega</i>	<input type="text"/>
OBSERVACIÓNS/OBSERVACIONES: <input type="text"/>	





**3. VALORACIÓN DO PROFESORADO DO PROGRAMA /VALORACIÓN DEL PROFESORADO
 DEL PROGRAMA**

Escala de valoración do grao de consecución de obxectivos: 1.-Mal, 2.-Regular,3.-Ben, 4.-Moi Ben

Escala de valoración del grado de consecución de objetivos: 1.-Mal, 2.-Regular,3.-Bien, 4.-Muy Bien

FUNCIONES/FUNCIÓNES	VALORACIÓN
Favorece a inclusión do alumnado marroquí no sistema educativo gallego <i>Favorece la inclusión del alumnado marroquí en el sistema educativo gallego</i>	<input type="text"/>
Realiza labores de mediador ou tradutor para facilitar a comunicación entre o centro e as familias <i>Realiza labores de mediador o traductor para facilitar la comunicación entre el centro y las familias</i>	<input type="text"/>
Está en continuo contacto co profesorado titor do seu alumnado <i>Está en continuo contacto con profesorado tutor de su alumnado</i>	<input type="text"/>
Colabora en actividades de reforzo e compensación educativa <i>Colabora en actividades de refuerzo y compensación educativa</i>	<input type="text"/>
Colabora co centro educativo <i>Colabora con el centro educativo</i>	<input type="text"/>
Participa na organización e realización de actividades interculturais do centro <i>Participa en la organización y realización de actividades interculturales del centro</i>	<input type="text"/>
Ten disposición para impartir clases de lingua árabe ao profesorado que así o desexe <i>Tiene disposición para impartir clases de lengua árabe al profesorado que así lo desee</i>	<input type="text"/>
Amplía as clases de lingua árabe ao alumnado doutras culturas <i>Amplía las clases de lengua árabe al alumnado de otras culturas</i>	<input type="text"/>
OBSERVACIÓNS/OBSERVACIONES:	
<input type="text"/>	





4. PRINCIPAIS ACTIVIDADES DESENVOLTAS E ASPECTOS A DESTACAR

PRINCIPALES ACTIVIDADES DESARROLLADAS Y ASPECTOS A DESTACAR

5. DATOS ESTADÍSTICOS / DATOS ESTADÍSTICOS

- Número de grupos
- Número de alumnado por grupo
- Número total de alumnado participante por niveis educativos/*Número total de alumnado participante por niveles educativos*

1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>
1º BACH.	2º BACH.	Observacións/Observaciones							
<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 40px; height: 20px;" type="text"/>								





6. MATERIAL DIDÁCTICO UTILIZADO POLO PROFESORADO. VALORACIÓN DO MESMO/MATERIAL DIDÁCTICO UTILIZADO POR EL PROFESORADO. VALORACIÓN DEL MISMO





7. PROPOSTAS DE MELLORA/PROPUESTAS DE MEJORA

a de de 20

A persoa directora

La persona directora

Asinado (Selo do centro)

Fdo. (Sello del centro)

